



Expte.: 1421/2024

Acta da reunión da Mesa de Contratación do expediente tramitado para a contratación do "Servizo de escolas deportivas infantís 2024/2025 no Concello de Cervo.

Data: 18 de setembro de 2024

Hora de comezo: 8.10 h

Hora de remate: 8:20 h

ASISTEN:

Preside:

María Dolores García Caramés, alcaldesa.

Vogais:

Manuel Fra Pedre, secretario accidental municipal

María Eugenia Piñeiro Díaz, interventora accidental municipal

José García Insua, tesoureiro accidental.

Actúa como secretaria da mesa de contratación, a efectos de levantar acta, a funcionaria do Concello María Ángeles Dopico Fernández.

Trátase dun acto público.

Reunidos na Sala de Xuntas do Concello de Cervo a Mesa de Contratación para a apertura das ofertas presentadas no expediente tramitado para a contratación do "Servizo de escolas deportivas infantís 2024/2025 no Concello de Cervo.

O expediente tramitouse mediante procedemento aberto simplificado (art. 159.6 da LCSP).

O orzamento base de licitación é:

Servizo de escolas deportivas para menores	15.337,08€;	IVE	3.220,79	€
	Total:18.557,87 €			

O anuncio de licitación publicouse na sede electrónica, Perfil de contratante e na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 03 de setembro de 2024.

As empresas que presentaron oferta para tomar parte no procedemento aberto simplificado despois da publicación do anuncio de licitación no Perfil de Contratante e na Plataforma de Contratación do Sector Público, rematando o prazo o 17 de setembro de 2024, son as seguintes:

-Game Sport SLU.

-IG10 Gestión Servicios SLU.

Mesa de Contratación procedeu á apertura do sobre electrónico de cada unha das empresas ofertantes:





-GAME SPORT SLU, con CIF B 27470673. Presenta o arquivo electrónico da documentación axustándose ao establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación. Oferta a realización do servizo no importe de 14.995 €, máis IVE: 3.148,95 €, para un total de 18.143,95 €.

-IG10 Gestión Servicios SLU, con CIF B 27357391. Presenta o arquivo electrónico da documentación, non consta o anexo IV, establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación. Oferta a realización do servizo no importe de 12.275 €, máis IVE: 2.577,75 €, para un total de 14.852,75 €.

De seguido procédese a valorar as ofertas na parte dos criterios avaliábeis:

Oferta económica e referencias valorables automaticamente" (ATA 100 PUNTOS).

Licitador	Oferta	Puntos
GAME SPORT SLU	14.995 €	81,86
IG10 Gestión Servicios SLU	12.275 €	100,00

Quedando a clasificación das ofertas presentadas segundo a puntuación obtida da seguinte maneira:

Licitador	Puntos
IG10 Gestión Servicios SLU	100,00
GAME SPORT SLU	81,86

A Mesa de Contratación, por unanimidade, ACORDA:

a).-Requirir á empresa ofertante IG10 Gestión Servicios SLU, con CIF B 27357391, para que achegue, dentro do prazo de cinco días hábiles a contar dende o seguinte a que recibise o requirimento, a seguinte documentación:

-Anexo IV, compromiso de adscrición de medios, coa xustificación da titulación das persoas nomeadas e da súa experiencia.

-Certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais (Cláusula 7 do Prego de Prescricións Técnicas).

b).- Se o requirimento non se cumprira de xeito adecuado no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a requirir a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde que quedaran clasificadas as ofertas.

Sen máis, levantouse a Mesa de Contratación sendo as 8.20 horas do expresado día, do que a funcionaria que actúa como secretaria da Mesa de contratación levanta esta acta.

A Mesa de Contratación
Documento asinado electronicamente á marxe.

